

Comunicado de DoFemCo sobre o “Manifesto por unha educación sexual integral para todes”



Coñecemos o “[Manifesto por unha educación sexual integral para todes](#)” que está a chegar aos centros educativos para solicitar firmas e adhesións a través de reiteradas consultas que nos fan chegar familias e profesionais da educación progresistas alarmados polo seu contido e pedindo a nosa valoración.

Queremos manifestar nosa máis absoluta repulsa polas ideas que contén, nas antípodas da educación para a igualdade entre mulleres e homes, así como da máis elemental protección da integridade e a dignidade da infancia, pero tamén pola forma ilexítima que utiliza para expresalas.

A Coeducación avoga por unha educación afectivo-sexual baseada en velar por un san e libre desenvolvemento da sexualidade da infancia e a adolescencia respectando e acompañando o descubrimento da propia sexualidade. Iso supón abordar cada etapa desde o coidado, pero tamén implica adoptar unha perspectiva crítica coa hipersexualización e a violencia sexual camufladas de transgresións liberadoras que propugnan e perseguen o acceso dos adultos ao sexo con menores.

Expresións como “democratizar a sexualidade”, que todos podamos gozar de nosos “dereitos sexuais”, “centrándose no pracer”; ou ben empregar unha linguaxe propia da ideoloxía da identidade de xénero -falaz, antifeminista e daniña para as e os menores en todas as súas vertentes- referíndose a “todes”, non ten nada que ver coa igualdade e moito menos coa loita contra a desigualdade social. Trátase dunha clara manipulación que utiliza a estratexia de cualificar de fascismo, ou neofascismo, toda posición crítica con esta formulación.

As docentes feministas coñecemos ben esta estratexia e desde a nosa responsabilidade profesional, ética e política alertamos ás familias e ao profesorado para que tomen conciencia e se opoñan frontalmente á vulneración dos dereitos da poboación menor.

Desde Docentes Feministas pola Coeducación esiximos ás autoridades educativas que deteñan de forma inmediata a propagación deste manifesto e cumpran coa súa obriga de protexer ao alumnado ante o avance sen freo da pornificación social.

Docentes Feministas pola Coeducación

8 de maio de 2023